



14 de abril de 2008

Curso 2007/08 nº 23

Correo:boletin@edu.xunta.es



Boletín Informativo

Xornadas “Novos vieiros no ensino das linguas estranxeiras”

Contido:

*I Xornada de Profesora-
do de Primaria* 2

*X Foro de Educación
para a Igualdade* 2

*Modelo de Parlamento
Europeo* 2

*Convocatoria de Premios
Selo Europeo 2008* 2

*Publicación do Comité
Paralímpico Español* 2

Os próximos días 30 e 31 de maio terán lugar no Palacio de Congresos de Santiago as Xornadas "Novos Vieiros no Ensino das Linguas Estranxeiras", dirixidas a profesorado de linguas estranxeiras de calquera nivel. Os e as intere-

sados/as poden inscribirse a través de www.edu.xunta.es/fprof, localizando a actividade por Linguas Estranxeiras no ámbito/CFR dos Servizos Centrais da Consellería.

[Máis información.](#)



Estadías formativas en empresas

No [DOG nº 64](#) do xoves 3 sae publicada a Orde do 26 de marzo de 2008 pola que se convocan estadías formativas en empresas ou institucións

para o curso 2007-2008 destinadas ao funcionario docente non-universitario e pola que se aproban as súas bases de concesión. O prazo de pre-

sentación remata o 23 de abril.

Axudas para confederacións e federacións de pais de alumnos

No [DOG nº 69](#) sae publicada a Orde do 2 de abril de 2008 pola que se convocan axudas para financiar actividades das

confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos

de centros de educación especial para o ano 2008.

Resolución definitiva do concurso de centros específicos de adultos

No [DOG nº 65](#) do venres 4 de abril sae publicada a Resolución do 28 de marzo de 2008 pola que se resolve definitivamente o concurso de

traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, para cubriren prazas nos centros específicos

de educación e promoción de adultos.

Últimas novidades no portal de contidos educativos.

[Acceso](#)

Ourense




Fervenza de augas Caídas (A Coruña)



Fervenza de Vieiros (Lugo)



Fervenza do Pozo dos Fumes (Ourense)



Regato S. Argallo (Pontevedra)

I Xornada de Profesorado de Educación Primaria

A I Xornada de Profesorado de Educación Primaria celebrarase no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela o próximo 18 e 19 de abril. Os obxectivos da xornada son

analizar a situación do ensino primario na actualidade, coñecer e analizar o currículo de primaria e intercambiar inquedanzas, experiencias e propos-

tas de interese para o profesorado de ensino primario.

[Máis información.](#)

X Foro de Educación para a Igualdade

Organiza o Seminario Permanente de Educación. Co tema “Afectos e Emocións: a escola na construción da autonomía persoal”, terá lugar o próximo 10 de maio, na Facultade de Ciencias da Educación de

Santiago de Compostela. O prazo de presentación da solicitude remata o 4 de maio.

[Máis información.](#)

Modelo de Parlamento Europeo

El programa MEP (Modelo de Parlamento Europeo) pretende familiarizar os estudantes co funcionamento, tanto da UE, como dun parlamento. Está dirixido a estudantes de

1º e 2º de bacharelato e 1º dos ciclos formativos de grao medio, de entre 16 e 17 anos.

[Máis información.](#)

Convocatoria de Premios Selo Europeo 2008

O Ministerio de Educación, nunha iniciativa conxunta europea, convoca os premios SELO EUROPEO 2.008 co obxecto de distinguir e difundir as iniciativas e mellores prácticas no eido do ensino de linguas, tanto no ámbito local coma no nacional. Calquera

tipo de centro, institución, organismo ou asociación que desenvolva iniciativas de aprendizaxe de calquera lingua – incluída a de signos- pode optar, na **modalidade A**, a un dos tres premios en metálico ou un diploma acreditativo. Na **modalidade B**, as institu-

cións poden propor para o premio a candidatura dun profesional que destaque na súa traxectoria no ensino de linguas. O prazo de presentación remata o 15 de maio de 2008. Para maior información consúltese o BOE do 8 de abril de 2008. [Acceso ao BOE](#)


Publicación do Comité Paralímpico Español

Libro editado polo Comité Paralímpico Español, co patrocinio da Fundación Cultural Banesto, co obxectivo de dar a coñecer os valores do

deporte paralímpico entre os mozos e mozas.

[Acceso.](#)

Webs temáticos



Publicacións

- [LOE](#)
- [O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)
- [Plan de Convivencia](#)
- [Saudíña](#)
- [Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)
- [Alumnado con discapacidade motora](#)
- [Alumnado con problemas de conduta](#)
- [Alumnado con discapacidade intelectual](#)
- [Alumnado con sobredotación intelectual](#)

Ligaçon á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)